



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

---

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA:

### PROGRAMA MENIÑEIRO VERÁN 2024. APROBACIÓN DAS BASES

Por iniciativa do departamento de Servizos Sociais, o Concello de Cabana de Bergantiños, coma todos os anos, organiza o Programa Meniñeiro co obxectivo de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos persoais, laborais e familiares mediante a realización de actividades educativas e lúdicas, dirixidas ás/ós nenas/os, durante os períodos vacacionais.

As bases redactadas polo departamento de Servizos Sociais veñen a recoller as necesidades de conciliación das familias do Concello de Cabana de Bergantiños.

Así, en virtude do previsto no art. 25.1 I) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tendo en conta o descrito,

### RESOLVO:

**Primeiro:** aprobar as bases que rexerán para a admisión de solicitudes no Programa Meniñeiro Verán 2024 (anexo I)

**Segundo:** publicar as ditas bases na sede e páxina web electrónica municipal, así como no tabulario de anuncios da Casa do Concello.



## ANEXO I

### PROGRAMA MENIÑEIRO - VERÁN 2024

O departamento de Servizos Sociais do Concello de Cabana de Bergantiños organiza o Programa Meniñeiro co obxectivo de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos persoais, laborais e familiares mediante a realización de actividades educativas e lúdicas, dirixidas ás/ós nenas/os, durante os períodos vacacionais.

#### 1. DESTINATARIAS/OS

Menores escolarizadas/os en educación infantil e primaria (nadas/os entre o 01/01/2012 e o 31/12/2020) que estean empadroadas/os no Concello de Cabana de Bergantiños con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2024.

De quedar prazas vacantes, terán preferencia na adxudicación das mesmas pola seguinte orde:

1º.- As/os menores que disfruten das vacacións escolares con familiares empadroados no concello de Cabana de Bergantiños e así o acrediten.

2º.- As/os fillas/os de persoas que estando empadroadas noutro concello, teñan os seus postos de traballo no termo municipal do concello de Cabana de Bergantiños e así o acrediten.

3º.- As/os menores doutros concellos non comprendidos nos apartados anteriores, atendendo a orde de inscrición.

#### 2. TEMPORALIZACIÓN E LUGAR DE CELEBRACIÓN

##### Quendas:

- 1ª quenda: do 1 ó 15 de xullo (11 días)
- 2ª quenda: do 16 ó 31 de xullo (11 días)
- 3ª quenda: do 2 ó 16 de agosto (10 días)
- 4ª quenda: do 19 ó 30 de agosto (10 días)

**Horario:** de luns a venres de 10:00 a 14:00 horas ou ampliado de 9:00 a 14:00 (no caso de necesidade xustificada de conciliación).

**Lugar:** Casa da Cultura e Casa do Pendón.

#### 3. INSCRICIÓNS E DOCUMENTACIÓN

##### INSCRICIÓN ONLINE:

<https://cabana.playoffinformatica.com/actividad/2/MENINEIRO-VERAN-2024/>

O prazo para presentar as solicitudes será dende o 30 de maio ao 4 de xuño.

A comprobación do empadroamento no concello de Cabana de Bergantiños farase de oficio polos servizos municipais.

De ser o caso, é preciso acreditar o lugar de traballo no termo municipal do concello de Cabana de Bergantiños e xustificar a necesidade de utilizar o horario ampliado.



A admisión das/os menores no programa farase, cumpridos os requisitos de idade e preferencia, por rigoroso orde de inscrición ata cubrir as prazas dispoñibles.

A confirmación da praza comunicarase por correo electrónico.

A concesión da praza implica a asistencia a actividade polo que as faltas non xustificadas e reiteradas significarán a perda da mesma.

A actividade só se realizará de cubrirse o 50% das prazas ofrecidas para cada quenda.

#### 4. NORMAS DE FUNCIONAMENTO E OBSERVACIÓNS

Deberase comunicar á persoa responsable do programa os cambios que poidan figurar nos datos da súa ficha de inscrición.

Prégase puntualidade na entrega e recollida das/os menores.

As/os participantes deben acudir as actividades con roupa cómoda e calzado, preferentemente, deportivo.

As/os nenas/os deben levar tódolos días unha mochila, marcada co seu nome, cunha botella de auga, un paquete de panos de papel, unha gorra, protector solar (primeira aplicación na casa) e unha pequena merenda para tomar a media mañá. Tamén poden deixar outra bolsa na Casa da Cultura que conteña bañador, toalla e chanclas para as actividades na praia e xogos de auga cando as condicións meteorolóxicas o permitan.

Non están permitidos os aparellos electrónicos, videoxogos, móbiles...

As/os nais/pais ou titoras/es deben ter o teléfono operativo durante o horario do programa Meniñeiro (de 10 a 14 horas ou, de ser o caso de horario ampliado, de 9 a 14 horas).

As/os menores non acudirán as actividades no caso de ter febre, diarrea, vómitos ou enfermidades ou procesos infecto contaxiosos.

As baixas no programa deben ser comunicadas á educadora familiar.

A formalización da inscrición implica a aceptación explícita das normas que rexen esta actividade e os cambios que poidan xurdir por razóns técnicas ou organizativas debidamente xustificadas.

Cabana de Bergantiños

O alcalde, José Muíño Domínguez

Documento asinado dixitalmente